



*Somos representantes de Cáritas Interparroquial d'Os Cotos, pouco a pouco seguimos dando pasos e facéndonos realidade. Hoxe, con esta memoria, queremos dar a coñecer a toda a comunidade diocesá o que fomos sendo e facendo en nome, tamén, de todos vós.*

### **1.- Onde estamos**

Somos un grupo de cáritas que naceu alá polo 2007 para desenrolar a dimensión da caridade nunhas pequenas comunidades parroquias que hoxe forman o que se chama "UNIDADE PASTORAL D'OS COTOS". En total apenas chegamos a 2000 habitantes, repartidos en 10 parroquias dos concellos de Fornelos de Montes, Pazos de Borbén e A Lama.



É máis que evidente que se trata de unha zona marcada por dúas realidades fundamentais: por un lado falamos de parroquias do mundo rural, e por outro lado falamos de parroquias nas que se fai patente a realidade dun mundo envellecido e polo tanto o traballo de cáritas está dirixido fundamentalmente á realidade de persoas maiores.



Isto implica tamén a dificultade de formar un grupo de voluntarias que sexa representativo das dez parroquias, pois hai comunidades que apenas teñen 30 casas e hai outras que chegan ás 200.

## 2.- Que facemos dende esta realidade rural e de maiores

A presenza e a labouira de Cáritas d'Os Cotos faise patente nestas actividades:

- A **atención directa no local** que temos habilitado no baixo da rectoral de Fornelos, onde se colabora con familias de distintas parroquias e en distintas situacións de necesidade. Téntase dar unha resposta axeitada á súa situación, e buscando sempre a implicación dos propios interesados.

É de suliñar que na maioría dos casos non se trata dunha situación puntual, e a atención a estas persoas require resposta ao longo de todo o ano, sendo gratificante que algunhas das situacións se van solucionando.

A o longo deste ano acudiron familias novas que se están vendo afectadas pola crise económica e laboral, e dar resposta ás súas problemáticas require unha maior coordinación cos servizos sociais dos concellos, e valorámolo positivamente.

Despois de facer revisión deste traballo feito temos a sensación de que ás persoas lle custa vir pois aquí todo o mundo coñece a todo o mundo e a ninguén lle gusta dar a coñecer ás dificultades coas que está a vivir. Aquí pesa, e moito, o sermos comunidades rurais moi pequenas (nada pasa desapercibido), pero tamén ten a ventaxa de que é máis cercana a resposta e é máis fácil o coñecemento da realidade de cada familia.

- Outra actividade é o **achegamento, con motivo do nadal e da páscoa**, a algunhas persoas maiores. Trátase dunha visita que facemos ás casas daquelas persoas maiores que por motivo de idade ou saúde xa non saen do seu fogar.



Esta actividade está sendo moi apreciada por nós, os voluntarios de cáritas, polos interesados e polos seus familiares.



É unha ocasión de encontro que vai máis alá dunha simple felicitación.



No nadal levámoslle ao neno Xesús para lle daren un bico, cantámoslle unha panxoliña, e estamos un tempo de visita á persoa e aos familiares. En total foron visitadas este pasado nadal algo máis de 30 familias (dez menos que o ano anterior por razón de falecemento das persoas ás que visitabamos, tamén se engadiron novas visitas este ano).



Na pascua imos e levámoslle a auga e a luz que protagonizou a vixilia pascual que temos as dez parroquias xuntas no pavillón municipal e na que facilitamos a presenza das persoas maiores ofrecendo un servizo de autobús que recorre todas as parroquias.

- O **concerto de nadal** é outra das actividades, foi xa a sexta oportunidade de encontro e festexo cos veciños e veciñas que apreciamos a música tradicional no bo facer dos gaiteiros desta terra.



Trátase dun concerto solidario amenizado pola Banda de Gaitas do Concello de Fornelos de Montes e no que todo o que se recauda é donado a cáritas d'Os Cotos. Nesta ocasión foi aportado para cáritas algo máis de 800 euros.



Aínda que é un concerto aberto a todo o mundo, insistimos sempre en que é unha oportunidade para as persoas maiores, pois esa foi a música da súa vida, e queremos dar valor aos seus recordos doutros tempos.



- Outra actividade, a **Festa d'Os Cotos**. Facémola no monte, en Ventín, o 15 de agosto. Xuntámonos as 10 parroquias e compartimos a eucaristía, o plantar unha árbore, o xantar, e as gañas de compartir.



Participa moita xente maior, que moitas veces non volven a verse ata o 15 de agosto do ano que ven.

Trátase dun encontro organizado polo grupo de cáritas.



É unha xornada festiva e cremos que nos axuda, e moito, a reforzar a convivencia entre as distintas parroquias e entre as distintas xeracións. Para moitos veñen os recordos daqueles tempos nos que como familia ían a unha romería levando a comida e pasando un día de festa. É unha oportunidade de encontro e estamos participando arredor de 200-300 persoas, e dá gusto ver a homes e mulleres maiores que poucas veces se xuntan.

- **Kasempa-Kamakechi** segue sendo para nós exemplo de que somos capaces de solidarizarnos con persoas e pobos máis alá da nosa propia comunidade. A o longo destes anos temos colaborado e animado a colaborar, e hoxe podemos dicir que nos sentimos á beira das comunidades de **Kasempa e Kamakechi** e polo que nos contan tamén eles saben da nosa solidariedade. Seguimos sabendo os uns dos outros como reflexamos de cando en vez na folla parroquial. Tiñamos con esas comunidades de Zambia (en África) o compromiso de aportar 3000 euros ao longo dos anos 2013-2014-2015 e o certo é que nos pasados días do nadal xa fixemos esa aportación total, e dende logo, porque entre outras moitas cousas a xente maior do mundo rural é a que mellor sabe do que son as necesidades por térenas sufrido nas súas propias carnes.



Así somos e así imos facendo dende a UNIDADE PASTORAL D'OS COTOS